



CONCELLO DE RIVEIRA  
Concellería de Cultura

## INFORMACIÓN PARA A MATRÍCULA NOS CAMPAMENTOS DO VERÁN CULTURAL 2018

### INDICACIÓNS PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA:

- 1.- Comprobar que o neno ou nena apareza no listado definitivo de admitidos do día 25 de xuño!
- 2.- Descargar da páxina web [www.riveira.gal](http://www.riveira.gal) o impreso de matrícula e o Anexo, e facer 4 copias da matrícula e 2 do anexo, ou solicitar folla de matrícula e anexo no CENTRO CULTURAL LUSTRES RIVAS DE RIVEIRA.
- 3.- Cubrir a folla da matrícula co nome do Campamento, lugar, datas e horario de celebración, datos do neno/a participante, dni do pai/nai/titor, observacións, importe da matrícula e sinatura do pai, nai ou titor legal sen esquecer marcar que se autoriza á participación do neno/a.

**IMPORTANTE: indicar en observacións se ten alerxias ou outra doenza e/ou particularidade.**

#### 4.- Axuntar á folla de matrícula:

- Anexo de autorizacións e IBAN debidamente cuberto e asinado Sen o Anexo debidamente asinado, a matrícula non será válida!
- Copia do DNI ou Folla do libro de familia correspondente á/ó participante
- Copia do DNI do TITULAR DA CONTA (pai/nai/titor)
- Certificado bancario co número de conta ou Copia da folla da libreta bancaria
- Foto ou fotocopia en cor tamaño carné do participante
- No caso de participantes que se beneficien da bonificación do 20% no prezo da matrícula deberán presentar copia da documentación xustificativa do colectivo ao que pertencen: título de familia numerosa, informe de vida laboral e certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego), certificado de discapacidade e certificado de empresa ou similar.

5.- A matrícula e documentación deberá presentarse por correo electrónico en [culturaefestexos@riveira.com](mailto:culturaefestexos@riveira.com) ou no CENTRO CULTURAL LUSTRES RIVAS DE RIVEIRA antes das 14.00h do 28 de xuño de 2018, (unha das copias será selada para entregar no campamento correspondente o día do inicio; no caso de envío por email deberán achegar o acuse electrónico que faga Cultura da recepción do correo).

**NOTA: os nenos/as que non entreguen copia da folla de matrícula no campamento ao que acudan, serán dados de baixa automaticamente con esa data.**

Riveira, 20 de xuño de 2018.